



BUREAU VERITAS: FRAUDE NA CERTIFICACIÓN FORESTAL

En xullo de 2010, Bureau Veritas concedeu á empresa forestal de ENCE, NORFOR, o selo de xestión forestal sustentábel do FSC (Forest Stewardship Council). En febreiro de 2011 a Federación Ecoloxista Galega, da que forma parte a Asociación pola defensa da Ría, presentou unha queixa fronte a esta certificación argumentando que NORFOR incumpría os principios que establece o FSC para a concesión do selo e que, evidentemente, non se aportaban ningún tipo de evidencias nin verificadores do seu cumprimento. A pesar de que FSC ten establecido un protocolo de atención ás queixas contra os certificados, Bureau Veritas non atendeu a queixa presentada pola FEG, nunha clara manobra de dilación para manter o maior tempo posible o certificado de NORFOR e así poder obter os importantes beneficios resultantes da concesión e mantemento do selo.

Os incumprimentos que denunciaba a Federación Ecoloxista Galega (FEG) facían referencia a dous aspectos fundamentais da xestión forestal que están recollidos nos estándares de certificación de FSC:

O primeiro deles é a necesidade de que os montes certificados proporcionen diversidade de usos e produtos. A **multifuncionalidade** é efectivamente un criterio básico de sustentabilidade ambiental e social xa que, ao permitir obter diversidade de beneficios, o monte pode servir como fonte de recursos durante máis períodos ao ano e para un número maior de persoas. A pesar de ser este un criterio básico para a certificación e malia que Bureau Veritas recoñece que o único beneficio que se obtén é a madeira de eucalipto para polpa, concedeu o selo a NORFOR.

O segundo aspecto fundamental da reclamación da FEG é o relativo aos **danos ambientais que provoca a xestión forestal** que realiza a empresa. Neste sentido sinalábase que o uso de **agrotóxicos**, aínda que permitido polo sistema, resulta tremendamente destrutivo tal e como o realiza NORFOR. Efectivamente o uso masivo de herbicidas provoca a destrución total na vexetación e a eliminación dos organismos herbívoros que puidera haber no monte, e portanto tamén dos organismos que se alimentan deles. En definitiva, a vida desaparece dos eucaliptais xestionados por NORFOR. Por outra banda, a aplicación de grandes cantidades de insecticidas para combater a praga do *Gonipterus* elimina tamén insectos e outros artrópodos e os seus depredadores, rachando o equilibrio dos ecosistemas e prexudicando á apicultura.

Ademais a vexetación seca pola acción dos herbicidas que se acumula nos montes, xunto co carácter pirofítico propio dos eucaliptos favorecen a propagación dos lumes forestais, tal e como xa ten denunciado a APDR que ten acontecido en montes de Ponte Caldelas. As técnicas de subsolado profundo a favor de pendente para a plantación, xunto con outras actuacións que practica NORFOR, favorecen a perda de solo por erosión, como se ten comprobado nas parcelas. A actividade de NORFOR contravén así outro dos principios do FSC, que obriga a que as actividades certificadas manteñan a biodiversidade e os solos, algo que evidentemente NORFOR destrúe. Aínda así Bureau Veritas concedeu o certificado.



A Asociación Pola Defensa da Ría, como parte da Federación Ecoloxista Galega, ven de presentar diante da entidade responsábel de certificar aos certificadores, Accreditation Services International, unha nova reclamación solicitando a suspensión de Bureau Veritas como empresa certificadora e de NORFOR como empresa certificada, poñendo de manifesto a fraude na que se ten incorrido e as evidencias de corrupción no FSC. Tales comportamentos prexudican gravemente a credibilidade do selo FSC xa que un comprador de un produto co selo que pensa estar adquirindo un produto procedente dun monte ben xestionado pode moi probablemente estar mercando un que resulte de actividades forestais fortemente degradantes como os monocultivos de eucalipto que xestiona ENCE-NORFOR.

Os fundamentos desta reclamación diante do ASI son xa que logo as manobras de engano realizadas por Bureau Veritas: Dilación inxustificada do procedemento para manter o selo, dilación que incumpre os protocolos do FSC; ocultación do uso en Ponte Caldelas dun insecticida altamente perigoso para a apicultura, o imidacloprid, ocultación que se mantén en todo o proceso de certificación e que supón un engano ao sistema FSC e aos compradores de produtos co selo e, por último o propio feito de conceder o certificado a pesar de recoñecer que se incumpren os principios relativos á multiprodución, á conservación da diversidade e á conservación dos solos. A retirada dos procesos de certificación de empresas sen escrúpulos como Bureau Veritas poderase chegar a recuperar o prestixio e recoñecemento do FSC, perdido por estas fraudulentas prácticas.

Pontevedra, 5 de outubro de 2012

Benito Andrade (636281252), membro da Asociación Pola Defensa da Ría